


BASES REGULADORAS DO PREMIO DO VI CONCURSO DE TUI TS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2017 DO CONCELLO DE LALÍN

Con motivo do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o Concello de Lalín organiza o **VI Concurso de Tuits contra a violencia de xénero 2017**, conforme ás seguintes bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 11 de setembro de 2017.

As presentes bases teñen por obxecto a concesión do premio do **VI Concurso de Tuits contra a violencia de xénero**, organizado polo Concello de Lalín, a través da Oficina de Igualdade, coa finalidade de incrementar a concienciación e sensibilidade da sociedade ante esta gran lacra social.

Tuits contra a violencia de xénero. Son mensaxes, lemas ou expresións de repulsa contra a violencia de xénero que se realizan a través da rede social twitter e a súa extensión máxima é de 140 caracteres.

1. Poderán participar todas as persoas que así o desexen. Cada persoa poderá enviar un **máximo de tres tuits**.
2. Os tuits que participen no concurso deberán incluír o hastag **#lalinsenviolencia** e facer mención a **@eigualdad** e un duplicado a **@ConcellodeLalín**
A identificación persoal da autoría do tuit realizarase unha vez emitida a resolución do xurado. A persoa seleccionada deberá responder no prazo de 48 horas ao contacto da Oficina de Igualdade. Se transcorrido ese tempo non houbese resposta entenderase que renuncia aos seus dereitos.
3. As persoas que presenten os seus tuits ao concurso serán responsables da orixinalidade e autoría dos mesmos.
A Oficina de Igualdade do Concello de Lalín resérvase o dereito de publicar e difundir os traballos presentados, fosen premiados, ou non.
4. Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que será a que lle de traslado do seu extracto ao BOPPO. O prazo para a presentación dos tuits empezará ao día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará o **venres 10 de novembro**. As bases estarán a disposición das persoas interesadas na Oficina de Igualdade e na web www.lalin.gal



5. Un Xurado será o encargado de avaliar os tuits presentados. As persoas que formen parte do Xurado terán experiencia en temas relacionados coa violencia de xénero, a promoción da igualdade e o uso das TICs. Procurarase que exista unha presenza equilibrada de homes e mulleres no xurado.
6. Os criterios de valoración para elixir á persoa gañadora serán: o contido e tratamento do tema (ata 4 puntos), a orixinalidade (ata 3 puntos) e a capacidade de impacto da mensaxe (ata 3 puntos).
7. O xurado emitirá o fallo antes do día 21 de novembro, que se fará público na páxina web do Concello de Lalín e en twitter, e no que designará o mellor tuit.
8. O premio consistirá nunha **Tablet Android 10"** e un **diploma acreditativo**. A persoa gañadora recibirá, se é posible, o seu premio nun acto público. O premio poderá ser declarado deserto e o fallo do xurado será inapelable.
9. A presentación dun tuit á presente convocatoria supón a aceptación plena das presentes bases. Calquera circunstancia non contemplada nas mesmas, será resolta polo xurado con carácter inapelable.

Lalín, 12 de setembro de 2017. A Concelleira Delegada de Igualdade, Celia Alonso Caramés

